



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 20 DE MARZO DE 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinte de marzo de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.

D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 8 DE MARZO DE 2018.- No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 8 de marzo de 2018.

2.- PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADE PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE BEADE.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xullo de 2017, adoptouse acordo referente á participación do Concello de Beade no procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sosteñible 2014-2020.

Tendo en conta o requirimento de subsanación de documentación realizado polo IDAE, a Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo de delegación de competencias do Pleno realizado con data 23 de xuño de 2015, que lle faculta para a adopción do presente acordo, por UNANIMIDADE, acorda:

1º.- Aprobar a participación e aceptación expresa do Concello de Beade do procedemento regulado polo citado Real decreto 616/2017, de 16 de xuño.

2º.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable denominado “Mellora da eficiencia enerxética do alumeade público exterior do Concello de Beade”, cun presuposto xeral de 120.995,40 €, así como a dotación presupostaria para llevalo a cabo, adquirindo ol compromiso expreso de habilitar crédito suficiente para financiar o total do proxecto planteado e non so o importe da cantidade financiada.

3º.- Aprobar a memoria descriptiva das actuacións a acometer e que conforma o proxecto singular.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

3.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D^a. JOSEFA FIDALGO MARTÍNEZ, con domicilio en Ourense, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na Rúa Cruz,18, de As Regadas (Beades) e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de reconstrución de parte de balcón de inmovible con cantería e balaustrada en forxa**, tal e como establece a Resolución da Xefa do servizo de Coordinación da área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ord. Universitaria de Ourense, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 3.270,00 €..... 65,40 €.**

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as doce horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro